
MÚSICA MASONICA CICLO DE LIED

XOVES 27 NOVEMBRO 2025

Auditorio de Galicia, 20:30 h

Iker Arcayürek, tenor

Maciej Pikulski, piano

Coro Masculino dos Amigos da Ópera
de Santiago de Compostela

Joan Company, director do coro

HISTORIAS

REAL
FILHARMONÍA
DE GALICIA

2025/26
30 ANIVERSARIO

AUDITORIO DE GALICIA



CONSORCIO DE
SANTIAGO



GOBIERNO
DE ESPAÑA



CONSELLO DE
SANTIAGO



XUNTA
DE GALICIA



AUDITORIO DE GALICIA



Deputación
DA CORUÑA



Compostela
Cultura



AdOC
Amigos da Ópera
de Compostela

PROGRAMA

I.

Tres lieder

An Chloë, K524
Die betrogene Welt, K474
Abendempfindung, K523

As vodas de Figaro. Abertura (transcripción para piano)

Tres pezas masónicas para solista e piano

An die Freude, K 53
Gesellenreise (Freimaurerlied), K 468
Eine kleine deutsche Kantate, K 619

Recitativo

Andante

Allegro

Andante

Allegro

II.

O heiliges Band der Freundschaft, K 148
(Lobgesang auf die feierliche Johannisloge)

Dir, Seele des Weltalls, K 429

Coro

Aria

Coro

Die Maurerfreude, K 471

Aria

Recitativo

Aria con coro

Dúas cancións para unha sesión da loxa:
Zerfließet heut, geliebte Brüder K 483
Ihr unsre neuen Leiter K 484

Laut verkünde unsre Freude K 623

Coro

Recitativo e aria

Recitativo

Duetto

Coro

Duración aproximada do concerto: 95 minutos (con pausa).
Pregámoslle ao público que non faga fotografías e que
desconecte os teléfonos móbiles, reloxos, etc.

ILKER ARDAYÜREK

TENOR

O tenor Ilker Arcayürek naceu en Estambul e criouse en Viena. É gañador do Concurso Internacional de Canción Artística da Academia Hugo Wolf, finalista do BBC Cardiff Singer of the World 2015 e foi artista da nova xeración de BBC Radio 3.

Ilker foi membro do estudo da Ópera de Zúric, do ensemble do Stadtheater Klagenfurt e do Teatro Estatal de Núremberg, interpretando diversos papeis como Tamino (*A frauta máxica*), Idomeneo, Ferrando (*Così fan tutte*), Don Ottavio (*Don Giovanni*) e Rodolfo (*La Bohème*). Tamén realizou aparicións como invitado no Teatro Real de Madrid, no Munich Opernfestspiele, no Festival de Salzburgo, na Vienna Volksoper e na Ópera de Graz.

Debutou en ópera nos Estados Unidos como Nadir en *Os Pescadores de Perlas* na Ópera de Santa Fe e en 2022, interpretou a Ariel e Pater Ecstasticus en *Escenas do Fausto de Goethe* de Schumann en Opera Ballet Vlaanderen. Como Tamino, tivo éxito na Canadian Opera

Company de Toronto, en 2023 no Festival Internacional de Edimburgo e máis recentemente en 2024 en Bunkamura, Tokio, co Bach Collegium Japan.

No ámbito de concerto, Ilker Arcayürek preséntase regularmente con orquestras de renome como a Orquestra Sinfónica da Radio Baviera, a Tonkünstler Orchestra, a Filharmónica de Tokio, RSO Viena, a WDR Symphony Orchestra, a Orquestra Sinfónica de Amberes, a Orquestra dos Campos Elíseos, a Orquestra Nacional de Lyon, a Orquestra de Cámara Danesa, a Sinfónica de Basilea e a Royal Philharmonic Orchestra, baixo a batuta de directores como Mariss Jansons, Ivor Bolton, Philippe Jordan, Marin Alsop, Mirga Gražinytė-Tyla, Philippe Herreweghe, Riccardo Minasi, Laurence Equilbey, Marie Jacquot, Mikhail Pletnev, Lars Vogt, Masato Suzuki, Ádám Fischer, Maxim Emelyanychev e Matthias Janz.

Ademais dos seus compromisos co repertorio sinfónico e operístico, Ilker é un apaixonado intérprete de *lied*. Colabora regularmente con pianistas como Simon Lepper, Malcolm Martineau, Ammiel Bushakevitz, Daniel Heide, Hartmut Höll e Wolfram Rieger, e realizou recitais no Festival Internacional de Edimburgo, na Ópera de Frankfurt, na Schubertiade Schwarzenberg/Hohenems, no Wigmore Hall de Londres, na Schubertiada Vilarbertran, De Singel Amberes, Concertgebouw Ámsterdam, Liceu de Barcelona, no Festival de Innsbruck, na Academia Hugo Wolf en Stuttgart, e o seu debut en recital en Estados Unidos no Park Avenue Armory de Nova York e en San

Francisco. As súas gravacións anteriores recibiron premios e foron candidatas en diversas categorías, incluíndo dúas por Opus Klassik.

Entre os seus compromisos futuros, Ilker regresará a Opera Vlaanderen en 2025, onde debutará como Max en *Der Freischütz*. Ademais, fará o seu debut en Italia en Milán coa Orquestra Sinfónica de Milán interpretando *O Mesías*. Baixo a batuta de Philippe Herreweghe e coa Orquestra dos Campos Elíseos, realizará unha xira europea coa *Novena Sinfonía* de Beethoven, presentándose no Festspielhaus Baden-Baden, no Bozar de Bruxelas, e na Elbphilharmonie de Hamburgo, entre outros moitos escenarios.

MACIEJ PIKULSKI

PIANO

Pianista solista, músico de cámara e acompañante de cantantes, Maciej Pikulski ten desenvolvido a súa carreira no escenario de 150 cidades en 30 países nos cinco continentes, e ten gravado 10 CDs e 2 DVDs.

Licenciado en piano, música de cámara e acompañamento vocal no Conservatorio Superior de Música de París, foi, posteriormente admitido no ciclo de posgrao e gañador do Premio da Fundación France Telecom.

Discípulo de Dominique Merlet e Clive Britton (ex alumno de Claudio Arrau), Maciej Pikulski foi invitado a actuar como solista en Brasil, Uruguai, Rusia, India, Sri Lanka, Italia, Alemaña, España, Suíza, Polonia e Bélxica. Interpretou o gran repertorio de concertos para piano con orquestras francesas, belgas, inglesas, romanasas, italianas, polacas, brasileiras, etc.

Maciej Pikulski realizou tres gravacións: *Concerto núm. 2* de Sergei Rachmaninov, completado con obras de Liszt e Chopin; Transcricións de

Franz Liszt de cancións de Schubert e obras para piano, tamén de Rachmaninov.

Foi elixido pola French Chopin Society para interpretar a parte de piano na reconstrución do último concerto de Chopin en París. Ademais, foi invitado a participar no ciclo integral de Sonatas de Mozart, na Quincena Musical de San Sebastián.

Como intérprete de música de cámara, Maciej Pikulski ten gravado co violonchelista francés Raphaël Chréten e interpretado concertos de música de cámara con prestixiosos músicos franceses.

É acompañante habitual de cantantes como José van Dam (catro CDs e un DVD; recitais en Carnegie Hall, Lincoln Center, La Scala de Milán, Teatro Real de la Monnaie de Bruxelas, Concertgebouw Amsterdam, Teatro Colón en Bos Aires, Théâtre des Champs Elysées en París, etc); Renée Fleming (DVD e recitais en Salle Pleyel de París, Musikverein Grosser Saal de Viena, Grand

Theatre de Genève, Barbican Centre de Londres, Festspielhaus de Baden-Baden, Dublin Concert Hall, Rudolfinum de Praga, Auvers-sur-Oise de Francia); Thomas Hampson (CD de cancións francesas); Natalie Dessay e Laurent Naouri (recitais en Versalles, Burdeos, Toulouse, Montpellier, Ginebra e Sao Paulo); Dame Felicity Lott (recitais en Francia, Gran Bretaña, España e India); María Bayo (recitais en España, Francia e Xapón); Diana Damrau, Sumi Jo, Anna-Caterina Antonacci, Joseph Calleja, Christianne Stotijn, Patricia Petibon, Véronique Gens, Mireille Delunsch...

Maciej Pikulski imparte clases maxistras en China, Brasil, India, Bélxica, Holanda, no Conservatorio Superior de Música de París, Montpellier e Estrasburgo e é profesor titular no Conservatorio Superior de Música de San Sebastián (España).

A prensa ten destacado a súa “sensibilidade poética” (Globe and Mail, Toronto), a súa “poderosa técnica” (New York Times), e foi definido como “músico magnífico” (Le Figaro) e “gran pianista” (Corriere de la Serra).

JOAN COMPANY DIRECTOR DO CORO

Nado en Sant Joan, Mallorca, Joan Company é un dos directores con maior presenza nos máis importantes circuítos corais de España. Entre outros, dirixiu ao Coro Nacional de España, Coro de Radio Televisión Española, Coro de la Comunidad de Madrid, Orfeón Donostiarra. Tamén ten dirixido, entre outras, a Orques-

ta Sinfónica de Asturias, a Orquesta de Cámara Reina Sofía, a Orquesta Simfónica de Balears, a Orquesta da Universidade de Portland (Oregón, EUA), Orquesta Sinfónica de Galicia, Camerata Anxanum (Italia), Orpheon Consort de Viena... Ademais ten colaborado con directores, como T. Pinnock, Víctor Pablo, J. Pons, P.

Mielgo, A. Hermus, A. Zedda, A. Ros Marbà, C. Hogwood, M. A. Gómez Martínez, K. Penderecki, N. Santi, R. Egarr, E. Inbal, T. Koopman, J. López Cobos, D. Slobodeniouk, L. Maazel, por citar algúns.

Actualmente é Director Honorario do Coro da Orquestra Sinfónica de Galicia, do que foi Director Artístico desde a súa creación en 1999 ata 2022 e no que tamén desenvolveu a súa escola coral coa creación do Coro de Nenos (2000) e do Coro Novo (2005).

Así mesmo é o director-fundador da Coral Universitat de les Illes Balears

(CUIB) (1977-2023), á que dirixiu ininterrompidamente durante 46 anos. Fundador dos Cursos Internacionais de Música da UIB (1977) e das Colonias Musicais de Verán nas Balears (1995). Ten publicado numerosos estudos e artigos sobre música e músicos das Balears en libros, enciclopedias e revistas especializadas.

Recentemente (2022), foi nomeado Mestre de Capela da Seu e responsable da área de música da Catedral de Mallorca e, desde 2023, é o Director do Cor do Festival Cap Rocat de Mallorca.

CORO ASOCIACIÓN DE AMIGOS DA ÓPERA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Oliver Acosta
Francisco Javier Álvarez
Chema Ares
Ernesto Martínez
Daniel Artés
Jesús Barrio
Alberto Bueno
Vicente Couceiro

Ubaldo Fernández
Christian Losada
José Antonio Mato
Miguel Neira
Jacobo Rubianes
Carlos Valencia
Fabio Valiño
José Luis Vázquez

NOTAS AO PROGRAMA

A MÚSICA MASÓNICA DE MOZART

No programa desta noite faremos un percorrido cronolóxico pola relación de Mozart coa masonería a través das obras vocais que se conservan. Inclúen-se ao comezo tres *lieder* non masónicos que permiten contrastar o carácter e estilo diferentes cos que abordou a creación destas pequenas cancións segundo fosen destinadas á sala de concertos ou á loxa.

Os tres *lieder* iniciais, compostos en Viena entre 1785 e 1787, móstrannos un Mozart precursor da forma musical que o Romanticismo levará ao seu cume. A simplicidade musical e o ton alegre e relaxado de *An Chlöe* e *Die betrogene Welt* subliñan a candidez amorosa da primeira e a mirada cínica ás convencións sociais da segunda. Pero é *Abendempfindung* o máis claro precedente romántico e non só porque os temas que trata (a noite, a fugacidade da vida, a morte, o recordo) converteranse en tópicos no século XIX. A súa maior complexidade melódica, harmónica e formal fusiona música e texto facendo que se complementen e enriquezan mutuamente favorecendo a consecución do clima emocional buscado polo autor.

Mozart e a masonería a través das súas obras vocais: A masonería na Viena do XVIII tiña pouco que ver coa idea que os seus inimigos conseguiron instalar no imaxinario colectivo ao longo dos séculos posteriores. Máis que unha sociedade secreta, subversiva e herética, parecíase máis a unha asociación elitista no económico, no social e no intelectual, que incluso contaba entre os seus membros con numerosos cargos eclesiásticos e que se reunía para fomentar ideas humanísticas na liña da Ilustración á vez que realizaba accións de beneficencia e encargaba e publicaba abertamente discursos, poemas e as obras musicais que eran interpretadas nos seus encontros.

A esta sociedade que buscaba a xustiza e a fraternidade únese un convencido Mozart en 1784, sete anos antes da súa morte, aínda que desde a súa nenez mantivera contacto con personaxes e ideas masónicas. En menos dun ano pasou do grao I, aprendiz, ao III, gran mestre, e durante o resto da súa vida participará activamente nas reunións da súa irmandade pois, nas súas propias palabras, “atopei un remanso de paz e liberdade como nunca

antes experimentara". E, como non podería ser doutro xeito, Mozart escribe numerosas obras para a súa loxa. Cronolóxicamente iníciase con:

An die Freude KV 53 (Á ledicia): Esta canción é a primeira obra de Mozart relacionada coa masonería, aínda que neste caso de maneira afastada. Compúxoa en 1768 aos 12 anos como agradecemento ao doutor Joseph Wolff, que lle curou da varíola. Probablemente foi o propio destinatario e non Mozart quen elixiu o texto: un poema do masón Johann Peter Uz que no texto completo enalza valores propios da masonería como a ledicia, a esperanza e a humildade, os mesmos que anos despois recollerá o tamén masón Schiller no seu poema de igual título utilizado por Beethoven para a 9ª sinfonía. Este *lied* é unha sinxela canción "de salón" e non foi escrito para ser utilizado en ningunha cerimonia masónica como si o serán o resto de obras que integran este concerto.

O heiliges Band KV 148 (Oh sacro vínculo. Canción en loanza da solemne loxa de san Xoán). Crese que foi escrita en 1772 con 16 anos para ser interpretada nunha loxa masónica de Múnic. Aínda que Mozart non ingresara oficialmente na masonería, a composición desta peza e, pouco despois, a da música incidental para a obra teatral *Thamos, rei de Exipto* —unha clara ale-

goría masónica que prefigura *A frauta máxica*— evidencian que a relación de Mozart coa masonería, xa sexa por amizades ou por ideas, era cada vez máis habitual.

Aquí atopamos por primeira vez ao coro que representa aos irmáns masons e, aínda que as composicións nas que volva aparecer contén con solistas, será sempre o coro o que peche as obras, simbolizando musicalmente o que a letra expón de forma explícita: a importancia da fraternidade masónica fronte á individualidade.

Dir, Seele des Weltalls KV 429 (A ti, oh sol, alma do universo). Mozart faise oficialmente membro da masonería como aprendiz na loxa vienesa "Á beneficencia" en decembro de 1784, sete anos antes da súa morte. Ao redor desa data crese que escribe esta primeira cantata. Trátase dun himno ao sol para ser interpretada na loxa o día do solsticio de verán, unha data moi sinalada para os masons por toda a simboloxía que conceden ao sol como fonte de luz, metáfora á súa vez de sabedoría, verdade e xustiza, enfrontado ás obvias connotacións negativas da noite e a súa escuridade. Esta idea aparecerá de forma reiterada en posteriores composicións de Mozart ata a xa citada *A frauta máxica*, composta poucos meses antes de morrer, na que como conclusión da mesma, Sarastro

e o coro de sacerdotes retoman este mesmo simbolismo ao proclamar de forma solemne: “Os raios do sol escorrentan a noite e destrúen o poder usurpado polos hipócritas”, escena que podemos atopar anticipada na obra que escoitaremos hoxe.

Gesellenreise KV 468 (A viaxe dos compañeiros). Outra canción para voz e piano con data, agora si, segura: 1785. Atopamos xa a Mozart non só plenamente integrado na masonería senón que mesmo convenceu ao seu pai Leopold e ao seu gran amigo Haydn para que ingresen tamén, xa fose por convencemento ou por conveniencia ante os círculos de amizades influentes que se establecían nas reunións das loxas. Precisamente para acompañar a cerimonia de paso ao grao II masónico, de aprendiz a compañeiro, por parte do seu pai foi para o que compuxo esta sinxela canción que reflicte o camiño do iniciado cara á sabedoría e a luz.

Die Maurerfreude KV 471 (A ledicia masónica). Do mesmo ano que a anterior, 1785, é outra das obras masónicas importantes de Mozart, composta para unha ocasión festiva: o banquete que se celebraba na nova loxa de Mozart “A esperanza coroada” con motivo do nomeamento como barón por parte do emperador de Ignaz von Born, notable científico e humanista, venerable mestre masón, padriño de Mo-

zart na masonería e, probablemente, inspiración para o Sarastro de *A frauta máxica*. O homenaxeado é loado coas virtudes tópicas de sabedoría e prudencia pero de forma sorprendente a cantata convértese nun encomio ao emperador Xosé II. Esta adulación xustifícase máis aló do simple agradecemento pola creación como nobre de von Born xa que os masóns necesitaban contar co favor de Xosé II nun momento no que en Viena facíanse cada vez máis fortes as voces contrarias á masonería.

Zerfliesset heut KV 483 (Reunímonos hoxe) e *Ihr, unsre neuen Leiter KV 484* (A vós, os nosos novos guías). Dúas cancións masónicas para a apertura e peche dunha sesión na loxa *A esperanza novamente coroada*. Efectivamente, a situación da masonería vienesa en 1785 faise cada vez máis delicada e en decembro o emperador cede ante as voces críticas e asina un decreto que reorganiza as oito loxas da cidade deixando unicamente dúas á vez que esixe informes puntuais sobre os membros que asisten e as actividades que desenvolven. É por iso que Mozart insiste no afago desmesurado cara a Xosé II na primeira destas dúas cancións para tentar recuperar unha mellor disposición do emperador e impedir que novas medidas poñan en risco a existencia mesma das loxas.

A segunda canción, é un reflexo das condicións establecidas polo decreto imperial: Mozart dedícalla aos novos dirixentes do seu loxa “A esperanza coroada” que tras a reorganización pasa a denominarse *A esperanza novamente coroada*. Dez anos despois a masonería será definitivamente prohibida en Viena, pero Mozart xa non o verá.

Eine kleine deutsche Kantate KV 619 (Pequena cantata alemá). Esta cantata para solista compúxo a Mozart en xullo de 1791, poucos meses antes da súa morte, encargada por un irmán masón para a súa loxa de Ratisbona. Con todo, máis que desenvolver as ideas masónicas habituais, o texto é unha apaixonada defensa da tolerancia relixiosa, da paz entre os pobos e en contra do fanatismo. É pertinente relacionar este texto coas ideas do socialismo utópico que nesta época fraguábanse nunha Europa convulsionada tras a revolución francesa. Igualmente, e salvando as distancias, podemos dar un salto no tempo achegándonos ao século XX e recoñecer moitas das ideas que desenvolve a cantata no apaixonado discurso final de Charles Chaplin en *O gran ditador*.

Laut verkünde unsre Freude KV 623 (Proclamade en voz alta nosa leducia). O vínculo de Mozart coa masonería e, en concreto, coa súa loxa, chega ata os días previos á súa morte nos que

compón a gran cantata que pecha o noso concerto. De feito, hai autores que, afastándose da lenda habitual, defenden que é esta cantata e non o *Requiem* o último que compuxo, pois atopaba máis consolo nos ideais masónicos que no texto da liturxia de defuntos dunha obra encargada ademais en misteriosas circunstancias. Sexa como for, o feito certo é que esta é a última obra que Mozart anotou da súa man no rexistro detallado que levaba das súas composicións.

É realmente esta a última composición de Mozart? A día de hoxe é difícil sabelo, pero si hai noticia de que tras a súa morte, a súa viúva Constanza tentou eliminar probas da relación de Mozart coa masonería destruindo moitas cartas e documentos. E probablemente foi ela -ou o seu círculo máis próximo- quen iniciou a imaxe dun Mozart traballando no *Requiem* desde o seu leito de morte, pois ese Mozart piadoso conviña máis aos seus intereses que a dun Mozart fiel ata o fin aos ideais masónicos. Do que non hai dúbida é de que con esta cantata Mozart léganos unha composición vibrante que, como indica o seu título, proclama con voz clara e rotunda a alegría do seu compromiso coa masonería e, en último termo, coa vida.

Carlos Valencia

PRÓXIMO CONCERTO

IRMANDADE

XOVES 4 DECEMBRO

Auditorio de Galicia, 20:30 h

Baldur Brönnimann, director

Carme Rodríguez: Arborescente
(Estrea absoluta. Proxecto Cometas)

Arvo Pärt: Fratres

Grażyna Bacewicz: Concerto para orquestra de corda

Louise Farrenc: Sinfonía núm. 3 en Sol m, op. 36

AUDITORIO DE GALICIA

Avenida do Burgo
das Nacións, s/n
15705 Santiago
de Compostela

DESPACHO DE BILLETES

981 571 026 | 981 573 979
981 542 462

OFICINAS

981 552 290 | 981 574 152

rfgalicia.org

compostelacultura.gal

INSTAGRAM

[@realfilharmoniadegalicia](https://www.instagram.com/realfilharmoniadegalicia)

[@compostelacultura](https://www.instagram.com/compostelacultura)

FACEBOOK

[RealFilharmoniadeGalicia](https://www.facebook.com/RealFilharmoniadeGalicia)

[CompostelaCultura](https://www.facebook.com/CompostelaCultura)

X

[@CCultura](https://twitter.com/CCultura)

TIKTOK

[@realfilharmoniadegalicia](https://www.tiktok.com/@realfilharmoniadegalicia)

**REAL
FILHARMONÍA
DE GALICIA**

2025/26
30 ANIVERSARIO

AUDITORIO DE GALICIA

